

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA F.G.P. 06/02/2020

Acta da Asemblea Xeral Ordinaria celebrada “en liña” o seis de febreiro de dous mil vinteun, iniciándose na súa segunda convocatoria as 11:05 h. Estando presentes @s señor@s sinalados o comezo da presente acta, todos eles convocados polo Presidente da Federación Galega de Piragüismo, tomando os seguintes acordos:

ASISTENTES:

PRESIDENTE:

José Alfredo Bea García

ESTAMENTO DE CLUBS:

Club Piragüismo Penedo-Teimporta: D. Marcos Fortes Pereira.

Club Fluvial O Barco: D. Rubén Ondoño Álvarez.

Club Tea Mondaríz Balneario: D. Manuel Freiría Pérez.

Club Piragüismo Illa de Arousa: D. Arturo Paz Dios.

Club Fluvial Allariz: D. José Manuel Fernández Ortega.

Club Grupo Xuvenil As Pontes: D. Ernesto Gancedo Herreras.

Club Náutico Cobres: Dna. M^a Luisa García Fontán.

Club Deportivo Náutico Miño: Dona Teresa M^a Oujo Reino.

Club Fluvial Avión-Castrelo de Miño: D. Pedro Andrés García.

Club Escuela Piragüismo Ciudad de Pontevedra: D. Oscar Ponte Baquero.

Club Piragüismo Narón: D. Andrés Martínez Calvo.

CMDC Breogán do Grove: D. Félix José Lamas Gondar.

Club Piragüismo Cidade de Lugo: Dna. Angela María Prado Herbón.

Club Ría de Betanzos: D. Pedro Arévalo Vázquez.

Club Kayak Tudense: D. Diego Piña Esteves.

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:

D. Jonathán Domínguez Rodríguez.

D. José Jorge Carro Fernández.

D. Antonio Polo Campelo.

D. Ignacio Clavo Iglesias.

ESTAMENTO DE TÉCNICOS:

D. Juan José Costal Filgueira.

D. Diego González Vicente.

D. Martín Carballo. Méndez.

ESTAMENTO DE ÁRBITROS:

D. José Manuel Sánchez Moure.

D. Antonio Romero Vila.

Dona Bárbara Vázquez Torres.

Tamén están presentes, con voz pero sin voto:

D. Marcos Cid Pérez (tesoureiro), Daniel Costa (director deportivo) e Rubén Tobio (directivo).

Iniciase a Asemblea con un total de 24 membr@s acreditados, o longo da Asemblea incorporáronse máis membros, ate chegar os 26.

1.- Lectura e aprobación, si procede, das actas das asembleas anteriores (08-02-2020) e (30-10-2020).

Previamente enviouse os borradores das actas anteriores aos membros da asemblea, que non presentan ningunha alegación, e son aprobadas por unanimidade.

2.- Informe Presidente, Memoria Deportiva.

O Presidente fai un resumen da difícil e atípica tempada 2019-2021, que trastocou todos os ámbitos da vida por mor da pandemia. Donde se sacou as Ligas adiante, máis reducida, con seis regatas internacionais; polo que se mantuvo a actividade en todas as modalidades. Agora iniciase unha nova tempada, na que o 20/21 de febreiro Galicia acolle a primeira regata nacional de slalom en Mondaríz.

Toma logo a palabra o Director Técnico, Daniel Costa; que fa unha completa información da forma de traballar e da conta dos novos técnicos; explicando as bases e os plans de adestramento que van a seguir durante a tempada.

E tamén explica e da conta da de toda a información que neste senso se enviou a todos os membros da asemblea.

O presidente complementa esta información, decindo que existe un correo da dirección deportiva, como vía para quen queira aportar suxerencias e ideas.

Mostra o apoio da XD ao equipo técnico e abrense novas liñas de traballos que se viñan demandando dende fai anos e que temos que ir mellorando.

3.- Informe económico. Peche económico 2020. Ratificación Orzamento 2021.

Enviada previamente toda a documentación económica aos membros da asemblea, e que vai explicando o tesoreiro; donde o peche económico de 2020 recolle un superávit de 48.115,21€.

Dende fai anos vimos mellorando os números, pero o balance de situación a pesar de esta mellora presenta uns -250.000€, que lastra a liquidez e outras operación da federación.

Diego González pregunta canto se baixou a débeda, respostando o tesoreiro que os 48.115,21€ destinaranse a redución de débeda.

Juan Costal, preguntase cando pararemos de afrontar gastos que non nos corresponden, como os de Verducido; e tamén mostra o seu rexeitamento a que o presidente avale co seu patrimonio as peticións de crédito bancarias.

O presidente recorda que vimos dun histórico de -800.000€, e que parte da débeda está avalada polo piso de Monteporreiro, ademais de non contar con débedas a provedores.

Nun ano no que non se pudo realizar boa parte da actividade, pola que temos ingresos; as contas casique non se resentiron; dandolle a razón a Juan Costal no de avalar.

En canto o de deixar de afrontar gastos que non corresponde, o presidente da conta de que en outubro enviouse a Secretaría Xeral para o Deporte donde plantexamos o devolver a instalación de Verducido e o CGTD, funcións que son deles e poder adicarnos ao noso.

Tamén recorda que avalou a federación cando se fixo cargo da presidencia, con todo o que suponía pola mala situación na que se atopada daquela; situación que non ter nada que ver coa que actualmente ten a federación. E que se seguirá negociando coa Secretaría Xeral para o Deporte para que asuman as súas responsabilidades, sinon iranse tomando as medidas que se estimen oportunas.

Produse un interesante diálogo onde se indica que deberían ser os clubs os que deberán avalar no lugar do presidente; explicándose que as negociacións coas entidades bancarias serían máis complicadas.

Diego González apunta a presentación dun plan de viabilidade a cinco anos, indicandolle o tesoreiro que o plan de viabilidade xa o pide a Secretaría Xeral para o Deporte para pagar o convenio deste ano; convenio que se vai cumprindo e que en cinco anos estará saldada a débeda.

Nacho clavo insiste en que se están asumindo gastos que non corresponden a federación, e que xa se tiña acordado no facelo.

O presidente comenta que entende todo o que se aporta, pero que se esta a traballar moito neste sentido; nuns días haberá unha reunión da Ufedega para tratar algúns deste temas; enviouse unha carta a SXD. E, despois de queixarnos, subiron 9.000€ para gastos do CGTD, que por primeira vez vai a ter os gastos cubertos.

Agradeceu as palabras de Costal e nacho, e anuncia que se trasladara de novo esta situación a SXD e a posición da Asemblea.

Ponse a votación o peche económico, que sae aprobado por 25 votos a favor e 1 abstención.

E tal como se quedou na pasada asemblea na que se aprobou o orzamento 2021, traese de nova a esta asemblea para a súa ratificación.

O tesoreiro da conta da redución que se plantexa con respecto o orzamento presentado na asemblea de outubro, con unha redución de ingresos de 115.000€, redución de gastos de 147.000€, e con uns datos a favor de máis/menos 40.000€.

Nest novo orzamento non se contemplan os 9.000€ de última hora para o CGTD e un convenio coa RFEP, con uns lixeiro incremento dos plans da RFEP para as autonomías.

Votase a ratificación do orzamento 2021, saíndo aprobado pola unanimidade dos membros presentes.

4.- Proxecto actividades, Regulamentos e borrador de Calendario 2020-2021.

- **Proposta Xunta Directiva.**

En primer lugar tratase a proposta presentada pola Xunta Directiva, de cara a igualar as distancias do Campionato Galego de Pista, coas distancias que terán lugar nos Xogos Olímpicos de París 2024. Isto supondría a eliminación do K-1 200 m., tanto masculino, como feminino.

As distintas opinións dos membros que toman a palabra, indican que o apropiado sería seguir o que se acorde na Asemblea da RFEP, polo que se propón votar a proposta presentada pola XD, supeditado o que se faga a competición nacional.

Aprobase por unanimidade.

- **Creación Comité Caiac de Polo.**

Tamén se trata a creación do Comité de Caiac Polo e o regulamento que rexirá a este Comité.

O presidente indica que do regulamento presentado para o Comité de Caiac Polo, retirase o punto de “creación dun soporte de axuda a os árbitros”, xa que existe o Comité de Árbitros a donde se poden trasladar as aportacións que estimen oportunas.

Quedando pendente a aprobación do Regulamento da Liga Galega de Caiac Polo, para o que se faculta a Comisión Delegada, para a súa aprobación.

Posto a votación este punto, aprobábase con 24 votos a favor e dúas abstencións.

REGULAMENTOS.

Tomase o debate para a aprobación dos Regulamentos para a tempada 2020-2021, agás o Regulamento da Liga Galega de Caiac Polo, que queda pendente de aprobación en CD.

José Manuel Sánchez, solicita que no punto 10 do Regulamento da Liga Galega de Caiac de Mar se retire o punto que di “o deportista que volqué e sexa axudado externamente, será descalificado”.

O presidente pon a votación esta proposta dos árbitros, que sae aprobada por 24 votos a favor e con 2 abstencións.

Despois de algunhas aclaracións referentes a outros regulamentos, ponse a votación o resto de calendarios, saíndo aprobados por unanimidade.

CALENDARIO.

O presidente indica, que nas ligas plantexouse un calendario no que se poden descartar dúas regatas, pero si non se disputan todas (como aconteceu o pasado ano por mor da pandemia), véase alterado esta proposta.

Varios membros da asemblea plantexan que sexa por porcentaxe o número de regatas a descartar, polo que se acorda poñer o 14% das regatas disputadas, descartaranse, tirando a baixa.

O presidente tamén solicita habilitar a Comisión Delegada polos cambios que se poidan aprobar en canto a calendarios, na Asemblea da RFEP.

Juan Costal solicita que se cambie o formato do calendario que se presenta.

Ponse a votación o calendario coas propostas presentadas, saíndo aprobado por unanimidade.

5.- Rogos e preguntas.

Pedro Andres (Fluvial Avión), presenta dúas cuestións, por un lado opina que nas regatas de Ourense, non é normal que habendo árbitros de Ourense, acudan árbitros de outras provincias; que deberían contar co material necesario para arbitrar estas regatas (ordenador, cornómetros, etc) xa asignado para esta provincia.

E por outro lado, informa de que a instalación de Castrelo de Miño vai a acoller modificacións, sendo un bo momento para que o piragüismo se faga partícipe de estas modificacións.

Antonio Romero (Presidente Comité Árbitros), comenta que cando se designan árbitros de outras provincias para regatas de Ourese, e porque non están disponibles os de esta provincia.

O Presidente da FGP, di que se toma nota para facilitar o material para as regatas de Ourense; o tempo que informa de que a FGP se pondrá en contacto coa Deputación de Ourense e a Secretaría Xeral para o Deporte, para ter información de primeira man sobre o proxecto de Castrelo de Miño.

Levantase a sesión cando son as 12,50 h., dando fe de todo o recollido e asino como Secretario da Federación Galega de Piragüismo.


Pontevedra, 06 de febreiro de 2021.

Vº e Prace Presidente

José Alfredo Bea García

Félix José Lamas Gondar

Secretario



ACTA DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA F.G.P. 23/10/2021

Acta da Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada “en liña” o 23 de outubro de dous mil vinteun, iniciándose na súa segunda convocatoria as 11:02 h. Estando presentes @s señor@s sinalados o comezo da presente acta, todos eles convocados polo Presidente da Federación Galega de Piragüismo, tomando os seguintes acordos:

ASISTENTES:

PRESIDENTE:

José Alfredo Bea García

ESTAMENTO DE CLUBS:

Club Grupo Xuvenil As Pontes: D. Jesús Alén Cal.

Club Fluvial de Allaríz: D. Marcos Cid Pérez.

Club de Mar Ría de Aldán: D Gustavo Adolfo Marcelino Canosa.

Club Deportivo Náutico Miño: D^a. Teresa M^a Oujo Reino.

Club Escuela Piragüismo Ciudad de Pontevedra: D. Oscar Ponte Baquero.

CMDC Breogán do Grove: D. Félix José Lamas Gondar.

Club Piragüismo Cidade de Lugo: Angela M^a Prado Herbón.

Club As Torres-Romería Vikinga: D. Marcos Lorenzo Cerqueira.

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:

D. José Jorge Carro Fernández.

D. Ignacio Clavo Iglesias.

ESTAMENTO DE TÉCNICOS:

D. Juan José Costal Filgueira.

D. Martín Carballo Méndez.

ESTAMENTO DE ÁRBITROS:

D. Antonio Romero Vila.

Dona Bárbara Vázquez Torres.

Tamén están presentes, con voz pero sin voto, os membros da Xunta Directiva: Dario Tiago López e Rubén Tobio Eiras.

Iniciase a Asemblea con un total de once membr@s acreditados, o longo da Asemblea incorporáronse máis membros, ate chegar os 15.

1.- Circular de Licenzas 2021/2022.

O presidente dá a benvida aos participantes da reunión, indicando que se realiza esta Asemblea Extraordinaria para cumprir os prazos, e que se levará o orzamento de novo para a súa ratificación na Asemblea Ordinaria xunto co peche económico anual.

En cando a Circular de Licenzas, propón o cambio de nome a “Regulamento de Licenzas”, para adaptalo as indicacións da Secretaría Xeral para o Deporte; non tendo outros cambios con respecto a do pasado ano.

Informa de que se volveu a negociar co seguro e non terá ningún tipo de subidas, e dende a axencia comprometeronse a invertir en patrocinio o 10% dos ingresos, polo que a FGP recibiu este ano máis de 2.000€.

Juan Jose Costal (técnicos) pregunta o porque de que a licenza de veterano custe máis que as demais, e tras a explicación do presidente e tras un pequeno debate; o propio presidente propón que se iguale o custo dos veteranos, cos senior e xuvenís.

Ponse a votación a Circular de Licenzas 2021/2022 co cambio de nome por “Regulamento de Licenzas 2021/2022” e a igualdade de prezo das licenzas de veteranos con senior e xuvenís.

A proposta sae aprobado por unanimidade.

- O presidente abandona a sala para tratar o seguinte punto da orde do día.

2.- Proposta de remuneración do Presidente da FGP.

O secretario da conta da proposta de remuneración do presidente da FGP para a tempada 2021-2022, que tal como se aprobou na asemblea do 16-01-2016 co compromiso de levalo

anualmente a súa aprobación na asemblea xeral e que sería de 1€ máis que o salario do traballador(a) da FGP que máis cobra.

Os custos quedarían igual 2020-2021, e decir, en 26.000,10€ brutos anuais, que sumaría un custo total de 34.555,00€.

Ana M^ª Prado (Cidade de Lugo) interven para comentar o gran traballo que fai o presidente, e que redunda en melloras de actividade e económicas da FGP, e propón que se valore o aumento do seu soldo bruto ata os 30.000,00€ brutos anuais.

O tesoreiro mostra o seu acordo coa proposta, dado o bo traballo do presidente e a posibilidade de afrontar este aumento grazas as melloras das aportacións das administracións e convenios para a vindeira temporada, que aportarán máis ingresos a FGP.

Produce un debate da idoneidade deste aumento, donde tamén se fala do convenio polo que están contratados os empregados da FGP que non é o máis idóneo, cousa que xa se ten trasladado a Xunta de Galicia.

Despois de este debate, o secretario propón a votación da proposta feita polo Cidade de Lugo, e si non sale aprobada, votaríase a proposta da XD; sendo aceptado polos asembleistas presentes.

Polo que vota a proposta de subir a remuneración do presidente a 30.000,00€ brutos anuais, que sae aprobada con cinco abstencións, e nove votos a favor.

- Unha vez rematado este punto, avisase ao presidente que se reincorpora a reunión.

3.- Aprobación Orzamento 2021/2022.

O presidente para a tratar o orzamento 2021/2022, que xunto coa demais documentación, xa foi enviado previamente aos membr@s da asemblea, volve a reiterar o compromiso de tráelo de novo a asemblea ordinaria de febreiro, cos datos máis definidos das distintas administracións.

Tamén informa que tras pedir o borrador do calendario de regatas da RFEP, os técnicos da FGP xa están traballando para incluír os Campionatos Galegos .

Fala das aportacións da Deputación de Ourense, Xunta de Galicia, Depoescolas da Deputación de Pontevedra, Coruña; que a falta de confirmar aínda non veñen recollidas no orzamento.

Asimesmo da conta de diverso material que a Xunta aprobou xa para a súa compra: de slalom extremo, proxecto canoa, ergómetros e diverso material para as instalacións do Complexo Deportivo David Cal.

Ese material, xunto cos dragóns e o carro xa comprados; serán cedidos a FGP, o que mellorará o balance de situación da federación.

O presidente tamén informa da auditoría enerxética que se fixo nas instalacións do Complexo Deportivo David Cal de Verducido, que saleu favorables a como se está levando a instalación.

Termina decindo que este orzamento recolle unhas melloras nos soldos dos técnicos, que dende a Xunta Directiva considerase que son de xustiza.

Ponse a votación os orzamentos 2021-2022, que son aprobados con dúas abstencións e o resto dos presentes (13) votando a favor.

Levantase a sesión cando son as 12,25 h., dando fe de todo o recollido e asino como Secretario da Federación Galega de Piragüismo.

Pontevedra, 23 de outubro de 2021

Vº e Prace Presidente

José Alfredo Bea García

Félix José Lamas Gondar

Secretario

